



ALFONSO CALVO

MESTRE CONTRABAIXO- JAZZ

Historial Académico

Titulado Superior con Matrícula de Honra en Jazz-Contrabaixo no Conservatorio Superior de Música da Coruña e Diplomado en Educación Musical pola Universidade de Santiago de Compostela. Ademais complementou a súa formación superior cun Master de Jazz na ESMUC.

Recibiu o Premio á Excelencia Musical da Consellería de Cultura e Educación & Fundación Paideia. Cambridge Proficiency no Croydon College, Londres; Curso Creación Musical & Music Business. Universidade de Santiago de Compostela; Curso Cantigas no Camiño de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela; Curso Composición para audiovisual&home studio con Juanjo Molina. Fundación SGAE; Curso Armonía de jazz&música moderna. Ifidma; Estudos de baixo eléctrico con Mariano Martos e Kin García; Estudos de baixo eléctrico en Estudo-Escola de Música con Quique Alvarado; Estudos de contrabaixo jazz con Xacobe Martínez; e Estudos de contrabaixo clásico con Alfonso Morán.

Asistiu a diferentes master classes: Carles Benavent, John Hollenbeck, Pablo Martín Caminero, Michael Kanan, Esmuc Jazz Project-Arreglos e composicións entorno a Keith Jarrett.

Experiencia

Como músico forma parte de diferentes agrupacións e colaborou con varios grupos. Formou o seu propio grupo, Alfonso Calvo Septet (con Pablo Castaño, Xosé Miguélez, Rubén Salvador, Bruno Valle, Iago Mouriño, Naíma Acuña, Ton Risco) Gravación *Sea ahead* (FreeCode Jazz Records, 2016). Asiste a diferentes festivais: BurgoJazz, Festival de Jazz de Rianxo, Festival de Jazz de Lugo, Festival de Jazz de Betanzos, Noites de Jazz Cambre, ImaxinaSons-Festival de Jazz de Vigo, Festival de Jazz y Blues de Pontevedra, Festival de Jazz de Moaña. O último traballo con este septeto foi *Monday Mood* (TinyMoon Records, 2019) (con Pablo Castaño, Diego Alonso, Javier Pereiro GdJazz, Pablo Pascual, Luis Miranda, Iago Mouriño, Miguel Cabana, Ton Risco).

Tamén forma parte de: Marcos Pin Quintet, Nani García Trío, Marcos Teira Cuarteto, Aló Django, Marcos Teira Translations Quinteto, Leira Catro, No name Quartet, Gaos Big band (Gala Premios Mestre Mateo 2014), Valentín Caamaño trío, Zumaque, Marcel Pascual Quartet, Ivan Doval Quintet e Nani García Big Band.

A súa experiencia docente é ampla, salientando: mestre de contrabaixo en Musikartis, mestre de música en Consellería Educación, mestre de contrabaixo, baixo eléctrico, educación auditiva e combo en Escola Municipal de Música de Rianxo, mestre de contrabaixo, combos, improvisación, análise, itinerario e linguaxe musical no Conservatorio Profesional Presto Vivace, mestre de contrabaixo en Escola Municipal de Música de Valga, mestre de contrabaixo, baixo eléctrico e linguaxe musical en Escola Municipal de Música de Rois.

Alfonso Calvo

Alfonso Calvo ten un mestrado en Jazz pola ESMUC, é licenciado en Jazz Contrabaixo con Matrícula de Honra polo Cosmac e Titulado en Educación Musical pola USC.

Premio á Excelencia Musical da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.

Gravou e compartiu escenario con músicos como Marcos Pin, Michel González, Naíma Acuña, Iago Vázquez, Pablo Castaño, Marcos Teira, Xosé Miguélez, Nani García e Antonio Bravo.

Actualmente forma parte do quinteto de Marcos Teira presentando o disco *Nós* (premio Martín Códax 2019), Marcel Pascual Quartet, Valentín Caamaño Quartet, Zumaque e do seu proxecto a septeto co que participou nos festivais de jazz de toda a comunidade.